Déspotas insensátos,
Forxá, forxáde grillos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Eses... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguilos!
Edoardo PONDAL

A Nosa Terra

PERIODICO GALEGO

¡Bárbaros:
Las ideas no se matan!
DOMINGO F.
SARMIENTO

Ano XXVIII ★ BOS AIRES, NOVEMBRO DE 1944 ★ Redaición - Adeministración: Rúa BELGRANO 2186 ★ Núm. 432

O Intre Político Hespañol

TODOL-OS PERSOEIROS DE GALEUZCA MOSTRARON, NAS SUAS DECLARACIONS, UNHA VISION CLARA DO PROBLEMA POLITICO HESPAÑOL

O presidente de Euzcadi, dí:

José Antonio do Aguirre, presidente de Vasconia, referíndose a loita que sosteñen os guerrilleiros españoes coas tropas de Franco ao longo da fronteira, dixo que o povo vasco está listo para entrar en aición "no momento axeitado", e que se erguerá contra o aitual goberno de Hespaña, as ordens do seu goberno desterrado.

O señor Aguirre engade: "Este movemento ten eistraordinaria importancia. Non é mester restarlla aos aituaes acontecimentos. Todol-os vascos temos unha opinión: Todo aito dirixido contra Franco é bo".

Ademiteu que cecais non teña resultados militares inmediatos esa entrada de guerrilleiros que, según as informacións, cruzaron a fronteira dende Francia cara o norte de Cataluña, mais sostén que a súa aición será a voz de chamada de todol-os elementos que denantes constituían o réximen republicán hespañol'.

Dixo que espera que os republicáns que están no desterro, o mesmo que o goberno de Euzcadi e os dirixentes cataláns e galegos e todal-as outras faccións políticas, xunguiranse ao movemento. A discusión —afirma Aguirre— finará cando comece a aición. Coido que teremos mellor orgaización nun futuro próisimo. Son ausolutamente optimista'.

Dou a entender que a unidade política que xurda das aituales escaramuzas traerá por resultado un serio movemento militar dentro de pouco tempo.

O señor Aguirre recalcou tamén que, personalmente, está en desacordo político cos xefes do aitual movemento guerrilleiro, mais sostuvo que os vascos xunguiransé con todol-os outros grupos que porcuren o restablecemento da República, e engade: "Teño entendido que o aitual movemento comprende a homes de diversos partidos, mais que o mando é comunista. Non estou d-acordo con eles políticamente mais apesares d-elo, ouxetivamente, a súa aición é boa. Cando chegue a hora, os vascos cumplirán co seu deber".

O irman Prada cos representantes de Cataluña i Euzcadi en México

O señor José Fontanals, representante en E. U. do Consell Nacional de Catalunya en Londres, dixo que o ministro do eisterior do consello, Batista Roca, cablegrafiou a todal-as delegacións americanas informándolles sobor do aitual movemento de gerrilleiros en Hespaña. Eisplicou tamén que os cataláns están agardando que as faccións republicáns hespañolas eliminen as súas diferencias baixo unha direición unificada, e cando esto se faga, os cataláns incorporaranse ao esforzo tendente a restaurar a República.

Ao referirse as aspiracións dos cataláns dixo: "Estamos a veira dos vascos e galegos. A nosa política é adherirnos a calquer dirixente que xurda entre os hespañoes. Tan pronto como haxa oficialmente un, os cataláns estamos dispostos a tratar con ele".

MANUEL DE IRUJO, CONSELLEIRO DA DELEGACION VASCA EN LONDRES I EX M. DO GOBERNO DA REPUBLICA, DIXO:

Pode ser unha aición orgaizada, ou unha aicion espontánea de guerrilleiros ou d-outros elementos illados, impacentes por comezar a liberación. Sexa en pequena ou grande escala, non é probabel que esa forza poda marcha ao través de Hespaña e constituia unha maor amenaza para o goberno de Franco. As complicacións políticas pesan máis que as consideración militares. O 80 ou 95 por cento dos hespañoes está contra Franco. Tanto o goberno británico como o de Estados Unidos prestaron a súa aprobación ao réximen de Franco. Pol-a súa parte Rusia opúxose a Franco dende o principio e está abogando pol-o seu derrocamento. Ainda que ao povo hespañol lle gustaría ter o apoio das democracias, inclinarase la quenqueira que esté disposto a axudarlle. Se o apoio chega de Rusia, probabelmente a influencia rusa será a que predomiñará en Hespaña se Franco é derrubado. Londres e Washington son os responsabels da aitual situación por haber trocado a súa aititude contraria a Franco. Foron a guerra como nemigos decrarados dos gobernos fascistas. Certamente que antre éstos achábase o réximen fascistas do xeral hespañol. Os hespañoes estiveron agardando no creencia de que cando se restablecera a democracia nos países invadidos, sería tamén restaurada en Hespaña.

¿E' posibel —pergúntase Irujo— que presenciemos a liberación de Francia do xugo feixista e teñamos de seguir cruzados de brazos sen que se tome ningunha aititude contra Franco?.

¿E' posibel un día decir que unha cousa e negra para decrarar dempois que é branca?

O outro día Churchil eloxiou a amistade de Franco e o embaixador de Estados Unidos, señor Hayes, declarou que é mester cooperar co goberno d-ese xeral. Esto desalenta ao povo que estivo buscando o apoio das democracias. Nós non pedimos un apoio tanto como unha feble eispresión de simpatía.

Franco caería se non contara co apoio nominal de Gran Bretaña e Estados Unidos. Se ese apoio lle fora retirado, as xentes adiñeiradas e o exército non-o sosterían no caso de que un movemento dos guerrilleiros e das forzas clandestinas que hai dentro de Hespaña ameazaran o seu goberno. Se Franco segue sostido pol-o apoio de Londres e Washington, o capital e os militares oporanse, aos guerrileiros. I-entón correrá o sangue, pois será inevitabel outra guerra civil.

Manifestou tamén que a oposición a Franco está sendo cada vegada mellor orgaizada. Asegurou que os cataláns están ben preparados e que os vascos están perfeicionando un programa metódico.

Ao referirse ao hemisferio oucidental, declarou: "A situación hespañola é importante pol-o seu refleixo sobor da América Latina. Estados Undos terán sempre problemas ideolóxicos até que Hespaña se vexa limpa do feixismo".

REORGANIZACION DE UNA VIEJA ALIANZA DE ESPAÑOLES

O representante do Consello de Galiza en México, foi entrevistado pol-o notabel escritor e periodista Alardo Prats para o prestixioso diario da Capital Federal daquela república, "Excelsior". O éisito da constitución de Galeuzca en México ollámolo refrexado no traballo do dito escritor, que damos a coñecer hoxe nestas páxinas.

La vieja alianza entre los nacionalistas gallegos, vascos y catalanes denominada "Galeuzca", establecida en 1923, posteriormente ratificada en 1932 y que tiene por objeto vertebrar las diferentes nacionalidades de la península ibérica en un estado confederal, ha sido revivida, en estos días, por nuevos impulsos y sobre una amplia base de reorganización.

A tal efecto, ha llegado a México, procedente de Buenos Aires, el señor Rodolfo Prada, como representante del presidente de lConsejo de Galicia, señor Alfonso R. Castelao el cual, reside en la capital de Argentina, desde donde dirige los diferentes grupos gallegos nacionalistas esparcidos por el continente.

El señor Prada nos manifestó que el Consejo de Galicia, el representante del Gobierno vasco, en Buenos Aires, señor Aldassoro y el del Consejo Nacional de Cataluña, señor don Manuel Serra Moret han firmado úitimamente un acuerdo en virtud del cual el pacto "Galeuzca" ha sido restablecido.

BASES FEDERALES PARA ESPAÑA

Añadió que dicho pacto pretende articular un programa de reconstrucción peninsular sobre las bases políticas de una Confederación de los cuatro núcleos esenciales que integran España a saber: Galicia, Euzkadi, Cataluña y Castilla. Otra de las aspiraciones implícitas en el proyecto del pacto federal persigue que Portugal, en su día, forma parte de la referida Conderación.

—La reconstrucción peninsular —subrayó el señor Prada— sobre bases federales es la única que puede dar al futuro estado español una estabilidad democrática contra la cual se estrellarían, no solamente las supervivencias del feudalismo unitario, sino que también cualquier intento de intervención extranjera en las determinaciones privativas de los españoles. Por otra parte, la coincidencia en una estrecha colaboración de Galicia Euzkadi-Cataluña-Castilla y Portugal podría ser vinculada a los intereses históricos de las naciones iberoamericanas a través de un ideal capaz de unir a tdos los pueblos de ascendencia ibérica en una de las grandes entidades regionales del tipo de las preconizadas como indispensables para establecer la reorganización mundial en la postguerra.

El señor Prada a su paso por Chile ratificó el pacto "Galeuzca" con los grupos de nacionalistas vascos y catalanes residentes en aquel país.

Durante su breve estancia en México ha cumplido igual misión cerca de los representantes del gobierno vasco y del Consejo Nacional de Cataluña.

El Presidente del Gobierno de Euzkadi señor Aguirre, el presidente del Consejo Nacional de Cataluña señor Pi-Suñer y el presidente del Consejo de Galicia señor Castelao harán público en su oportunidad un sensacional documento fijando la actitud política de Cataluña, Euzkadi y Galicia en orden a sus popios problemas y en relación con los problemas de los otros pueblos hispánicos.

El señor Prada ha celebrado diferentes conferencias con los grupos catalanes y vascos mayoritarios desterrados en México. Se mostraba satisfecho del éxito de sus gestiones. En el día de ayer los vascos lo obsequiaron con una comida y los miembros del Consejo Nacional de Cataluña con una cena.

PRIMERO DERRIBAR A FRANCO

Al preguntar al señor Prada sobre la actitud de "Galeuzca" frente al régimen de Franco y al problema de la restauración de la República en España nos manifestó:

—El pacto "Galeuzca" tiene como uno de sus objetivos inmediatos el derrocamiento de la tiranía franquista ya la restauración de la slibertades democráticas en España. Pero esto, es sólo para nosotros un punto de partida. Para el futuro, Galeuzca aspira a obtener de las representaciones democráticas del país un firme compromiso que tienda a hacer efectivo el derecho de las nacionalidades peninsulares a su libre autodeterminación.

"Considero que es obvio destacar —terminó diciendo— que nuestra legítima aspiración a hacer valer nuestro derecho a autodeterminarnos persigue el establecimiento de un Estado Confederal que rija en el futuro la vida de todos los pueblos hispánicos y que afirme, de una vez para siempre, el régimen que corresponde a las exigencias de la historia, de la tradición y de la auténtica realidad peninsular."

De "El Excelsior", de México, 4 de octubre de 1944.

ALARDO PRATS.

As Parolas E Os Feitos

INVITAZON FRATERNAL

Avecíñanse grandes acontecementos na sanguiñenta Europa. Hispania, craro está, non ficará ao marxen de estos acontecementos; xa que n-ela tivo lugar o prólogo da traxedia, é lóxico pensar, entón, que o epílogo pol-o menos, se representará alí. Despois d-esta de oladora tormenta que está arrasando con todol-os valores tradizonaes, comenzará un novo conceito da vida, una nova maneira de vivir unha nova humanidade máis xusta, máis xenerosa e diña. Por eso loitamos todos.

Hespaña sofrirá tamén una fundamental transformación. Será a nova Iberia un país eistructurado, vertebrado d-acordo a módulos axeitados á idiosincrasia do seu esprito e á súa economía natural. Farase d-e.a un país habitabel e de agradabel e doada convivencia.

Os galegos, moi especialmente nós, os nazonalistas, estamos todos obrigados a traballar, a loitar porque na nova Hispania, a Galiza conquira toda a súa liberdade pol-a que vimos loitando dende fai moitos anos; e que sin ela, non achará maneira de cumprír os seus anceios de cultura, riqueza e progreso; e para poder así erguerse entre os povos da Europa, con vigorosa persoalidade ropia.

N-este senso os nazonalistas de Bós Aires levamos feito moito; mais esto non abonda. É perciso moito máis. Seríamos inxustos se nos queixáramos da nosa laboura; mais estamos seguros de que non fixemos ainda todo o que debemos facer. Hai moites "bós e xenerosos" que fican ao marxen do noso movimento e é mester que se incorporen a ele. ¿Cómo e de qué maneira? Como se queira ou como se poida. Ninguén obriga a ninguén. ¡Só a nosa patria asoballada nos obriga! Só ela, dende o fondo da súa secular dór, ten dereito a impoñernos unha conducta, unha obriga e un sagrifizo.

Con remilgos e reconcomios non se vai a ningures. Os tempos do galeguismo rococó xa pasaron; hoxe o estilo é outro; é realista; duro, aspro. Fai falla o esforzo de todos para dar termo a obra comezada. Botemos de nós certos prexuizos e, ¡hala xa! Os nosos mártires desde a eternidade estan-os sinalando a roita a seguire...

I-eu dígo-vos irmans, que a hora nona xa sonou. N-este intre o "dolce far niente" é un delito.

"NON ESQUEZAS DA INXURIA O RUDO ENCONO"

Atacar, criticar a Castela é una cousa relativamente común entre os nazonalistas galegos, vascos e catalás. Noutro tempo — e ainda hoxe — tamén os portugueses... Quen tal fixo, que tal pague. Antes era ela; agora somos nos.. Non vale o tardío e falso arrepentimento ante o perigo. En ben da boa armonia ibérica podemos chegar a perdonar; pero non a esquecernos.

Desde o final do século XV, os castelás non estiveron facendo mais que aldraxandonos e asovallándosnos, política, económica e culturalmente. Sobor de nos botaron una esmagante, falsa e criminal lénda de torpeza, brutalidade, palurdez e iñorancia, como no hay outro exemplo na historia de ningún povo, excepto o xudeo. Todos teñen a culpa; desde o sarnoso pegoreiro, até o tarambana do Lope de Vega.

Esta irritante aititude, esta perversa e odiosa conducta dos trunfadores castelás sobor dos galegos. a raíz da derrota da Frouseira, estámol-a pagando ainda, despois de catro séculos e meio. ¡E pensar que hay algús galegos que non queren que se ataque a Castela!

Nós temos moitos motivos para a nosa protesta violenta, iracunda. Castela con unha arrogancia tan insolente, como con deplorable e lastimosa falta de capacidade, asuméu, aproveitando certas circunstancias históricas, a responsabilidade de dirixir os negocios públicos da Iberia. E fixo e faino mal; desastrosamente. Pra iso impuso a forza o seu idioma, a suas institucións, leises, cultura e despotismo. Atou a sua incapacidade xeral aos povos da peninsua por un humilante centralismo qe non os deixou progredir e até creou, a sua imaxen, una mentalidade cerril, incapaz de comprender os problemas políticos da España d-oxe.

Deixando de lado, pro sin esquecelos, todos os aldraxes e inxurias recibidos desta xente, adicámonos agora a loitar pol-a nosa liberdade; porque non queremos que nos goberne ninguén mais que nos. Somos maores en edade, diñidade e goberno.

ENCOL DOS IDIOMAS

Hay algús paisanos nosos, sobre todo emigrados que subestiman o seu propio idioma o sobrestiman o castelán. Enchese-les a boca falando do "bello idioma de Cervantes". Sin dúbida esta pasmarota admiración é a resultante de moitos discursos dos profesionales do "hispano-americanismo", boco e barato, que se botan por esos banquetes patrióticamente chirles e xa fora de tempo.

Nos, non queremos restarle méritos o castelán para atribuirllos o galego. Cada un ten o seus. Fálase da "extensión" do castelán, fálase das ventaxas que reporta o falalo, tendo en contra os pobos de América que tamén o falan. Pro, esto e moi relativo. Os galegos, sin o castelán houvéramonos arranxado igual. Houberamos trunfado e fracasado o mesmo nas nosas empresas. E un proxuicio que compre botal-o fora.

¿De qué lles valeo os millós de italianos emigrados a América e a outros países o seu rico e formoso idioma. ¡Pra nada! E non embargantes, ben que se gañan a vida e trunfan en todol-os órdenes das actividades humanas; e gozan de mais prestixio, o menos por estas terras, que os propios hespañoes con o "bello idioma de Cervantes" e todo. ¿Valeu les de algo o alemán os 25 millós de alemás emigrados a Norte-América durante o sécuo XIX? ¡Tampoco les sirveo! I eso que é o idioma da filosofía, por excelencia. Os polacos, os rusos, os xaponeses, sírvenlles de algo os seus idiomas cuando salen da terra natal a gañarse a vida pol-o mundo? ¿Pra qué lles sirve os galegos o castelán, cando emigran a Brasil, a Estados Unidos ou a Liverpool?

O valor dun idioma non está na sua "extensión", senon na cultura que carga. Así, por exemplo, o chino o ruso o indostánico, son idiomas falados por moitos millós de persoas, e non oustante, non teñen a importancia nin a convenencia do francés ou do alemán, que o falan corenta e seterta millós respectivamente.

Chegou as nosas mans, os outros días, un libro dun escritor arxentino, encol de temas rusos. Chamóunos a atención a enorme cantidade de autores consultados; cerca de cen ou quizás mais. De todos eles só había tres casteláns, citados por mera erudición do ensayista criollo; pois, son estudos de segunda man e de escaso intrés. Todol-os demais son de autores franceses, alemás, ingleses, e algún que outro de diferentes paises. E nós facíamos esta reflexión: ¿De qué lle vale o dito escritor arxentino o seu "bello idioma de Cervantes? Si falara o bable ou guaraní lle serviría o mesmo.

RAMON CARBALLO

NO ANIVERSARIO DE PARDO DE CELA

Co gallo de cumplirse o mes entrante, un novo aniversario da morte do primeiro mártir das libertades galegas, mariscal Pedro Pardo de Cela, A NOSA TERRA sairá en edicción extraordinaria, con colaboraciós de destacados escritores galegos e outras notas de rigorosa actualidade política.

Fagase reservar un exemplar.

Frente a Realidade

por AVELINO DIAZ

"Os pobos, despois da sua contribución de sangue, non queren ser dirixidos. Queren ser eles os que dirixan. Non haberá tratados de paz se non se afincan n-unha verdadeira xustícia social. A medida que os pobos se váian ceibando serán... o que eles quieran e todo intento de coutal-os será en balde. A paz vai a ser mais temibel que a guerra".

Asi lle decrarou a un periodista unha persóa que chegou fai poucos dias de Europa i-esto é, seguramente, certo. Ten que ser así e non pode, nin debe, ser d-outro xeito. E reconforta o pensar que vai a ser así. Somentes un enervamento producido pol-o cansacio i-ós sofrimentos da loita, unha ausoluta carencia de forcias, poderian facer que non fose así. Pro, non vai a soceder porque a vontade dos pobos hase de soborpoñer a todo pra que se poida chegar a conquerir un minimun de felicidade.

E moi natural que esa vontade eisista e que teime trocarse en forcia que arrase con todos os prexuícios, con todas as inxustícias i-ás iniquidades sociales d-un réximen tiránico e brutal que, co seu egoísmo i-á sua maldade, fixo, unha vez máis, que a humanidade tivese que sofrir esa espantosa sementeira de mortes, sangue, doór e bágoas. Os povos van a pedir conta ós seus malos gobernantes, ás suas crases dirixentes, de todos os erros e de todos os crímes que fixeron; i-hanse de cobrar ben.

O capitalismo burgués matou ó feudalismo i-ergueuse sobor das cinzas d-aquél. Agora, cumprido xa o seu ciclo histórico, non suopo, ou non quixo renovarse (que seria humanizarse) pretenden seguir enchéndose cando xa reventba de cheo i-ó non poder facer a dixestión, escomezou a retorcerse como unha cóbrega até que —doente xa— adentou o seu propio rabo. D-aquela, envelenado, deuse conta de que tiña que morrer, pro, como unha besta feróz, preferiu afogarse no sangue das suas viutimas antes que buscar de salvarse, humanizándose, perdendo un pouco de moito que tiña mal habido e dando os pobos pan e liberdade pra que poiden seu vivir dinamente e con decencia.

Agora, queirase ou non, ten que imprantarse no mundo un novo sistema de vida. O capitalismo do xeito que se desenrolou até agora, non pode subsistir e, como non quere vivir d-outro xeito mais nobre, como é alleo á bondade i-á xusticia, prefire suicidarse eispeutacularmente matando, a millós e millós de séres fillos do pobo. I-ó pobo vai a facer a sua xusta venganza.

Ainda non se pode prever todo o que socederá n-esa desanguentada Europa que sempre foi, e seguirá sendo, continente reitor, pro, xa se dei xa enxergar moito de que vai a ocurrir, que non ha ser pouco. Pol-o menos xa se sabe que os gobernantes que dirixen ós paises capitalistas preocúpalles mais o probrema da post guerra que a mesma guerra en sí. Ventan o raufraxio, a curto ou longo pracio, do barco en que viaxan e fan canto lles é posibel pra amenguar a catástrofe. Tanto fan que, d-elas veces, até non fan ren por non saber o que poden facer con algo de xeito. E déixanse estar como se agardaran un milagre. Estan en tutubeos e teñen medo. Eu penso que até, en alguns casos, os exércitos d-eses paises non avanzan por que, ás dificultales de loita, veñen a sumarse ás de saber o que se fará cos pobos, ou o que os pobos farán cando se atopen en condiciós. ¿Que farán os pobos d-Europa (continente reitor que o seguirá sendo) unha vez que se topen en condición de facer algo?. O que di esa persóa que acaba de chegar d-aló: non deixarse dirixir e dirixir eles, crebar as cadeas, impoñer a sua forcia e rematar con un sistema de vida inhuman i-antinatural. O camiño a percorrer é longo i-haberá que verter ainda moito sangue, pro, xa son d-eles os pobos que se endereitan por esa roita, que será, o remate de contas, lumiosa. Xa hai pobos que estan por ese camiño.

Ten que ser así e, se non fora así, sería cousa de ir pensando no suicidio coleitivo para fuxir de tanta miseria e de tanta indinidade como hai no mundo.

Cando se pensa si esta guerra, ó findar, deixará as cousas como eran antes, síntese noxo. Cando se pensa que un Bonomi volve a gobernar en Italia, un Pierlot en Bélxica e outros da misma crase estan agardando pra volver a gobernar outros pobos, do mesmo xeito que antes, como se non houbera pasado nada, dan ganas de renegar da vida. Cando se pensa que unhos señores, persoeiros e represententes do feudalismo polaco estan agardando pra reproducir no seu pais os métodos de Beck e que hai quailles presta axuda, síntese fonda carráxe, profundo desacougo.

Pro, hai que ter confianza nos pobos, hai que pensar qu-esta leición de sofrimentos lles sinnalará o vieiro que deben coller e que éles evitarán as mil vergoñas que se están tramando nos seos dos gobernos. Europa, ó findar esta guerra capitalista, escomenzará a sua guerra popular. Ten que ser así; debe ser así.

I-agora lembrémonos de pobo hespañol que, tamén, ten que facer a sua guerra popular; a sua segunda guerra popular; que tamén ten contas que cobrar, que tamén ten que redimirse e ten que sentir, unha vez mais, ese vento renovador e redentor. O pobo hespañol que ten que pedir contas ós seus malos gobernantes de hoxe e de onte e que, sin dúbida, ha de poñerse ao par dos outros pobos, pol-o seu intrés e pol-a sua salvación. Lembrémonos do noso pobo galego e de todos os da peninsua.

Pois ben: tanto os que esperan gobernar a Hespaña, n-un próisimo futuro repubricano federal, con incrusión de Lusitania como os que agardan pra gobernar unha Galicia autónoma con persoalidade no concerto dos pobos peninsuares, teñen que ir enxergando o porvir inmediato; teñen que ir decatándose do que poden esperar dos pobos e do que a estes hai que darlles pra que se sintan satisfeitos en parte, pol-o menos; teñen que ir poñéndose de frente á realidade e non pensar en estafas politicas ó pobo; non pensar en lirismos nin en reviravoltas que leven ó pais a un "punto morto", a un pasado que, na concencia popular, perdeu o creto, a un pasado que non pode ser punto de partida pr-ó mañan fecundo. No pasado recente de Hespaña non hai mais que unha cousa dina: a loita que o pobo sostivo contra os seus inemigos, a loita que rematou en desastre, pro, que deixou froitos i-ensinanzas sendo eisempro i-ademiración do mundo. Ningún home dos que tiveron funciós de goberno na deredeira repúbrica é dino de voltar a tel-as. Hai que peñerse en guardia contr-ós incapaces, os desaprensivos i-ós falsos apóstoles da redención. A nova Repúbrica ten que caer n-outras máns que a sepan guiar ben, que se guien elas mismas pol-os desinos do pobo. A Hespaña, eixtructurada politicamente, n-un mañán próuximo, como un fato de nazonalidades (tantas como teñen direito e razon pra chamarse tales) ó xeito das repúbricas que costituíen a Rusia de hoxe i-ás que se han de sumar á Rusia do porvir, ten que ser o desiderátum de todo home que aspire a ser algo na Hespaña que está en xestación ou n-algunha das suas células nacionaes.

Seguirá sendo certo sempre aquel apotegma "A felicidade dos pobos é suprema ley". Non é cuestión d-estas ou d-aquelas ideias, de tales ou cales principios filosóficos; non é custión de crases ou de castas. E custión de humanidade. E custión de facer valer os dereitos de quén mais dereito ten a defenderse.

Os pobos queren eso, seguiran-o querendo e morrerán, se é perciso, por conqueril-o. O pobo hespañol i-ó pobo galego serán pirmeiros. Xa foren dos primeiros cando escriberon con "sangue pjuente e roxa" o proémio de sua aición redentora en tres anos de loita varil, contra tod-á canalla do mundo e contra a ceguedade i-á falla de comprensión das crases dirixentes d-outros p[illegible]es e dos gobernantes que agora saben, éles tamén, o que é sufrir, pois estan, moitos d-eles, pagando as culpas que tiveron na traxédia de noso pobo.

O AGASALLO A ROEL

O sabado 4 do corrente tivo efecto no restaurant "La Aurora" o banquete que un grupo de amigos lle ofreceron o irman Roel, con motivo da sua laboura galeguista. Houbo una boa concurrenza, entusiasta e alegre. Vimos moitas persoas destacadas da colectividad galega. Estiveron representadas algunas entidades, galegas e arxentinas. Aos postres ofreceulle o agasallo Castelao, n-unhas verbas cheas de saudade de cousas e de feitos da nosa terra e da loita pol-a liberdade de Galiza.

Roel, emocionado e sinxelamente, agradeceu o homaxe de que era ouxeto. Despois o quinteto vocal Ultreya cantou unhas cantas canciós do seu repertorio que foran muy aplaudidas.

A NOSA TERRA adirese a este acto e faille chegar dende estas colunas a sua simpatía e a sua estimazou.

O seu TRAXE
O seu SOMBREIRO
A sua CAMISA
A sua ROUPA INTERIOR
MERQUEOS EN:
CELTA
FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA ENTEIRAMENTE GALEGA

EDITORIAL

Os republicáns hespañoes no desterro, dende fai cinco anos, adicáronse a tirar pedras uns aos outros. Aqueles grupos que, por dispoñer de meios económicos, podían e debían facer unha laboura orgánica dende os primeiros intres, coidáronse ombrigo do mundo e fecháronse en aititudes persoaes e negativas. Outros grupos andiveron a arrandieira de unha banda para outra: hoxe eiquí, mañán alá, que é branco pol-a mañán e amarelo pol-a noite, etc. Deste xeito correo o tempo e agora que se percisaba un orgáo eficente que recollera no seu seo todal-as inquedanzas dos povos hispánicos xunguidas nunha aición común, ollámonos diante as improvisacións que, por isa mesma condición, sempre deron pouco resultado.

Asín, dispois de comezar as aicións dos guerrilleiros na fronteira franco-hespañola, asistimos a un verdadeiro desbaraxuste de opinións e declaracións dos difrentes grupos republicáns no desterro. Foi aí onde se reflexou a falla dos Partidos políticos e das agrupacións republicáns hespañolas. Somentes galegos, vascos e cataláns, por meio do seu orgaismo de alianza "Galeuzca", mostraron visión política, unidade perfeita e capacidade para intuir o intre que vivimos. As declaracións de Aguirre, Irujo e Pi y Suñer, non responden a unha improvisación persoal, senón a realidade dun orgaismo que afinca no mesmo cerne dos povos que constituen "Galeuzca".

Galegos, vascos e cataláns atopámonos xunguidos nun corpo orgánico de realidades e agardamos sinceiramente que xurda un órgao responsabel que recolla aos esparexidos grupos dos outros povos hespañoes para coordinar as nosas aicións cara o fin común: a Terceira República.

(TRADUCCION)

Los republicanos españoles expatriados, desde hace más de cinco años, se dedicaron a reñir unos con otros. Aquellos grupos que, por disponer de medios económicos, podían y debían hacer una labor orgánica desde los primeros momentos, se consideraron el ombligo del mundo, encerrándose, en actitudes personales y negativas. Otros grupos se movieron de un lado para el otro. Aquí hoy, mañana allá. Siempre según conveniencias partidarias. De este modo pasó el tiempo y ahora que se precisaba un órgano eficiente, capaz de recoger en su seno todas las inquietudes de los pueblos hispánicos, coordinadas hacia una acción común, nos encontramos ante las improvisaciones que, por ser tales, siempre dieron poco resultado.

Así, de esta manera, después de iniciadas las acciones de los guerrilleros en la frontera franco-española, asistimos a una verdadera desorientación de opiniones y declaraciones de los diferentes grupos republicanos en el destierro. Fué ahí donde se reflejó la falta de cohesión entre los Partidos políticos y agrupaciones republicanas españolas. Solamente gallegos, vascos y catalanes, por medio de su organismo de alianza "Galeuzca", demostraron visión política, unidad perfecta y capacidad para intuir el momento que vivimos. Las declaraciones de Aguirre, Irujo y Pi y Suñer, no responden a una improvisación personal, sino a la realidad de un organismo, cuyas raíces arrancan del corazón de los mismos pueblos que constituyen "Galeuzca".

Gallegos, vascos y catalanes nos encontramos unidos en un cuerpo orgánico de realidades y esperamos sinceramente que surja un órgano responsable que recoja a los esparcidos grupos de los otros pueblos españoles para coordinar nuestras acciones hacia el fin común: La Tercera República.

Casa "ORIESAN"
ARTICULOS PARA HOMBRES
CAMISAS — SOMBREIROS
CORBATAS — BONETERIA — NOVEDADES
BELGRANO 2126
Frente ó Centro Gallego
U. Telef. 47-6444
SANTA FE 3714
Sucursal
U. Telef. 71-9417

Sastrería SOTO
O XASTRE PREFERIDO POL-A COLEITIVIDADE GALEGA
Agora en SANTIAGO DEL ESTERO 1669
(A MEIA CADRA DO SEU ANTERGO DOMICILIO)
U. T. 23, Buen Orden 6725
DELLE A PREFERENZA PRA VESTIRSE

O Noso Deber de Galegos...

por MOISES DA PRESA

Os galegos temos o deber de sentirnos galegos por riba de todo, ao marxe do respeito que nos merescen os demáis povos da penínsua como eisí mesmo, os ideaes de tipo social que particularmente se sosteñan.

Pódese ser republicán, socialista, comunista, anarquista, sen por iso deixar de sermos galegos.

O que compre, é que enxergamos a comenenza de crear na nosa Terra, partidos políticos galegos — como o Partido Galeguista — ao servizo dos intreses de Galiza.

A grandeza e o respeito que nos merés Cataluña, afinca na súa varil e permanente manifestazón do seu xenio nazonal.

En Cataluña, os partidos políticos hespañoes ren teñen que facer.

Todal-as manifestazóns político-sociaes, teñen en Cataluña un cuño enxebremente catalán. D-este xeito, un cibdadán de Cataluña pode ser socialista, conservador, comunista, republicán d-esquerda, anarquista, e defender con paixón os seus principios ideolóxicos o que non lle impide sentirse catalán, nin admite discusión ao respeito. Consecuente con estes principios, cando un político catalán chega a ocupar un ministerio, non esquece a sua nazonalidade e pol-o tanto, actúa como catalán.

Que ocurre c-un político galego cando chega a desempeñar o cárrego de ministro? Actúa como galego? Non. A súa actuación é a que compre a un político hespañol, non galego, e pol-o tanto, ao servizo dos chamados **"intreses nazonaes"**, e xa sabemos por longa e desesperante eisperenza, que na órbita dos **"intreses nazonaes"** por unha **"crónica casualidade"**, nunca entra Galiza e que deixará de ser **"crónica"**, cando os nosos políticos, en vez de representar a partidos hespañoes ousten la representazón de auténticos partidos galegos, que por sélo, estarán decote, ao servizo de Galiza e do seu povo.

E ausurdo que n-un país como Galiza c-unha fisonomía económica tan particularizada, agudizada pol-o minifundio, con acusadas caraiterísticas hacia o libre troque, fique avencellada políticamente, a partidos hespañoes que responden a necesidades de terras de latifundios e zonas industriaes, que buscan a proteición do Estado como meio de defensa e medro, en contraposizón cos intreses de Galiza; e fronte a un anceio de xustiza social como o encarado pol-a República coa creazón da Lei Agraria, Galiza, sen ter ese problema, sinón a inversa, ten que pagar pol-a realizazón d-unha lei que si ben é certo encara a soluzón económica en favor d-un numeroso seitor de povoazón secularmente eispoliada por unha minoría semi feudal, non é menos certo, que as necesidades de Galiza, por non cair precisamente como decote no campo dos "intreses nazonaes", ten que sofrir as graves consecuenzas d-ausenza d-unha política galega, que encare os problemas tanto económicos como culturaes que fagan da nosa Terra, un país ceibe, rico e culto.

Como consecuenza d-esta servidume política que nos fai ficar ausentes das realizazóns económicas e culturaes do noso país, temos que emigrar en masa a terras alleas, en procura d-un benestar que non achamos na nosa.

Como dato ilustrativo do que vimos afirmando, vamos a transcribir do libro do economista galego señor Luis Peña Novo, **"Novas Orentazóns Sociaes"**, un anaco do capídoo **"Riqueza Forestal Galega"**.

Eisporta Galiza 20 millóns de pesetas anuaes en madeiras de pino e carballo. Máis esta produición, debemos calificala de moi reduscida, pois a fecundidade do noso chan, e pol-a eistensión dos nosos montes, todos susceitíbeis d-eisplotazón forestal, esa produción deberá de ser dez ou quince veces maor; deberá de constituir a segunda fonte da nosa economía.

Galiza ten 1.200.000 hectáreas de monte sen repovoar, cuia repovoazón en dez anos, costaría 150 millóns de pesetas e en vinte anos, a riqueza forestal creada, tería un valor de 12.000 millóns de pesetas que podería dar un benefizo de 300 millóns..."

Pol-o eisposto, está demáis que falemos da perda d-unha riqueza de miles de millóns de pesetas que chegarían a acadar un rendimento normal en cifras que ao só menzoalas, semeilan fabulosas máis que s-axustan a unha realidade tanxibel si nos atemos a creazón d-unha serie d-industrias antre élas, a do papel, que darían pan e traballo a milleiros de fogares e levarían ao noso país, pol-o camiño do progreso e da prosperidade e n-este senso, podemos referirnos a todal-as ramas da riqueza e do traballo galego. No mar, na gandeiría, nos transportes, portos etc., e sobor de todo, na soluzón do noso grave problema do minifundio, consecuenza dorosa da nosa dependenza da meseta; consecuenza vergonzosa da incapacidade ou mala fé — tanto dá — dos lexisladores hespañoes.

O problema do minifundio na nosa Terra, temos de resolvel-o nós, que somos os que sentimos en carne propia, máis pra élo, é mester que gocemos de liberdade.

Para os governantes hespañoes, —e tamén para os que non son governantes— Hespaña, é Castela, Estremadura, Andalucía, Aragón, Murcia, León.

Galiza, para os políticos hespañoes, é unha terra lonxana, onde cada labrego, ten unha vaca e un anaco de terra. Onde chove moito e pol-o tanto — según don Indalecio— non fan falla canles para regadío... Ademáis, emigran e fan xiros por valor de moitos millóns de pesetas que veñen a xeito para cobrir o déficit...

Proba da iñoranza e despreocupazón que por Galiza senten os políticos hespañoes, vou botar man, do testemoño que nos ofrés un libro d-un político hespañol, para máis señas, socialista.

Trátase de "El Agro Español y sus Moradores", do Sr. Vicente Rodríguez Revilla, da editorial "Ulises", de Madrí.

Aparés éste libro —según verbas do autor,— como queixa aceda, contra os redaitores do proieito da Lei Agraria.

Pois ben. En todo o decorrer do libro, non fai a máis mínima referenza a Galiza, mais onde a cousa chega ao colmo, é no capítulo V, tidoado: "Las Medidas Adoptadas para Combatir el Minifundio", páxina 83, pois inda que pareza ausurdo, e por moito que nos confundamos, Galiza, e o seu tristemente célebre minifundio, non aparés por ningures, nin no texto, nin na eistadística, mais sí, aparés sofrindo **o terribel flaxelo do minifundio:** ¡¡Asombraivos!!... León, Palencia, Zamora, Salamanca, Valladolid, Segovia... (?)

E Galiza? Galiza para o autor do devandito libro, como para a maoría dos políticos hespañoes, non eisiste, ni na **"seición"** latifundios, nin na do minifundio. Galiza, ten unha **"seición"** especial: pagar impostos, dar diputados e ministros treidores a sua Terra, i emigrar en masa...

A degradante conduita dos diputados galegos, entregados a vontade dos partidos políticos hespañoes ao servizo dos intreses proteicionistas dos trigueiros de Castela; do capital que eisplota o carbón d-Asturias, do ferro de Bilbao, dos textiles de Cataluña, e votan presupostos como a canalizazón do Ebro, subterráneos de Madrí, Lei Agraria, mentras o povo galego, ten que emigrar decote, para cobrir cos seus xiros, o dez por cento de realizazóns económicas alleas, que él nin cheira...

Galiza eisiste? Sí. A Galiza nosa, a enxebre, a dos bós e xenerosos, a de Bóveda, Casal, Díaz Valiño, Quintanilla... A que non transa cos treidores colabouracionistas dos nemigos da nosa Patria. A que loita arreo segura do trunfo, xa moi perto, por unha Galiza ceibe, engrandecida pol-a intelixencia e o traballo dos seus fillos.

CASA DURÁN
SOMBREIROS
CAMISAS
BONETERIA
PANTALOS
30 Gral. BOSCH 30
Avellaneda (Piñeiro)
U. T. 22 - 4405

Rotisería 'El Serrano'
☆
XAMONS - CHOURIZOS - etc., etc.
(A MANEIRA DE GALIZA)
NON ESQUEZA: BELGRANO 1949 — Tel. 47-1056

GALEUZCA

por A. Alonso Ríos

Algo novo ten aperecido no mundo hispánico.

As declaracións de Castelao, primeiro, as de Aguirre, dempois, e agora as de Pi i Suñer, foron máis que un forte toque de atención.

..Unha realidade concreta: A unión de Galiza, Euzcadi e Cataluña, firmemente conquerida, foi anunciada ao mundo dende Bos. Aires, Nova-York e Londres.

Unha nova modalidade política, basada na unión, xa feita, dos tres povos do Norte e fitando a estructuración confederal do Estado hespañol.

Unha nova modalidade política que se propón a integración de todol-os povos da Penínsua n-un Estado plurinazonal ibérico.

Unha nova modalidade política que empeza pol-o reconocimento das nazonalidades, e se afirma no consenso, na tolerancia e no respeto recíproco.

Unha nova modalidade política que chama a concordia a todal-os xentes democráticas, antepondo a todo a urxente necesidade de recobrar a Hespaña e de precaverse escontra dos erros do pasado.

Vel-ahí a boa nova dada a coñecer pol-os persoeiros de Galiza, Euzcadi e Cataluña.

